

Colectivos de afectados, veciñais e ecoloxistas (Colectivos de Afectados de As Barxas e de Domaio, Asociación de Veciños Xeremelo, Federación de Veciños A Chamusca, Luita Verde e APDR) enviaron individualmente durante o mes de febreiro/09 o seguinte escrito ao Alcalde de Moaña

**EXPON:**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de ditar dúas resolucións ante os recursos contenciosos administrativos presentados polas compañías *Telefónica Móviles* e *Vodafone* contra a Ordenanza Municipal de Moaña que regula a instalación das antenas de telefonía móbil. Nestas sentenzas, constan que este concello non acudiu como parte implicada nestes recursos na defensa desta normativa creada por este equipo municipal. Por este motivo, dende o Colectivo de Afectados de As Barxas e Domaio queremos mostrarlle o noso total desacordo con este acto grave de irresponsabilidade, xa que, como se ven demostrando nestes últimos anos, nesta poboación existe unha preocupación social con este tipo de instalacións: As Barxas no ano 2005, Rúa do Pico no ano 2007, Portal do Almacén no ano 2008 e este mesmo Colectivo dende principios do ano 2008.

Ante a non comparecencia na defensa desta normativa nestes recursos, pese a ter gañado en instancias xudiciais inferiores, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaminou rexeitar os artigos 2.2, 20, 21, 22, 23 e 34.2 ademais do anexo II desta ordenanza no recurso presentado por *Telefónica Móviles* e o punto terceiro do artigo 35 no recurso presentado por *Vodafone*. Aínda que non corresponde a este Colectivo presentar recursos contra estas sentencias senón ó Concello, cremos que hai motivos de lei suficiente para recorrelas en base ó seguinte:

**Primeiro.** Os artigos 20 e 22 da ordenanza anulados por este tribunal son copias literais traducidas ó galego dos artigos 6 (capítulo III) e 22 (capítulo V) respectivamente do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radio eléctricas e medidas de protección sanitarias fronte a emisores radioeléctricos en vigor neste momento. Polo que non apreciamos motivos para a derogación deste dous artigos. Axuntamos fotocopias onde se demostra o ante exposto.

**Segundo.** O artigo 2.2 sobre a esixencia dunha distancia de 100 metros de zonas sensíbeis, na orden CTE/23/2002 de 11 de xaneiro do 2002 no seu apartado Terceiro 3.1 apartado f) di:

“Para las estaciones tipo ER1 e ER2, **cuando en un entorno de 100 metros de las mismas existan espacios considerados sensibles** (guarderías, centros de enseñanza obligatoria, centros de salud, hospitales, parques públicos y residencias o centros geriátricos), el estudio tendrá en consideración la presencia de dichos espacios, para lo que **justificará la minimización de los niveles** de exposición sobre los mismos **segun lo previsto en el artículo 8.7 del Reglamento** y se aportarán los niveles de emisión radioeléctrica...”.

O artigo 8.7 apartado d) do Real Decreto 1066/2001 establece:

“De manera particular, la ubicación, características y condiciones de funcionamiento de las estaciones radioeléctricas **debe minimizar, en la mayor medida posible, los niveles de emisión sobre espazos sensibles**, tales como escuelas, centros de salud, hospitales o parque públicos”.

Como se pode ler a propia lei contempla un risco sobre estes espazos e na Ordenanza Municipal de Moaña no seu artigo 2.2 o que fai e **minimizar, na maior medida posible**, poñendo unha distancia de seguridade citada na orden CTE/23/2002 de 11 de xaneiro do 2002 no seu apartado Terceiro 3.1 apartado f) aplicando para os veciños de Moaña un principio tan claro como o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN. Dende este colectivo vimos precisamente pedindo dende o primeiro momento a aplicación deste principio, xa que, por desgraza, existen numerosos exemplos no pasado que por non utilizar o Principio de Precaución, conduciron a serios prexuízos, a miúdo irreversibles, sobre a saúde e sobre o medio ambiente.

Queremos subliñar que dende este colectivo vense reclamando unha distancia de seguridade de 300 metros das zonas sensibeis , na cal nós consideramos que se debe incluír as zonas residenciais polo gran número de nenos/as, persoas maiores, enfermos e mulleres embarazadas que viven nelas os 365 días do ano, baseándonos nas recomendacións do Estudo Bioiniciative e tendo en conta a resolución do Parlamento Europeo, de 4 de setembro de 2008, sobre a Revisión intermedia do Plan de Acción Europeo sobre Medio Ambiente e Saúde 2004-2010 (2007/2252(INI), no que se constata que os límites de exposición ós campos electromagnéticos establecidos para o público están obsoletos e amosa un gran interese por este estudo. De feito, hai concellos como o de Molina de Segura que xa incorporaron esta distancia na súa ordenanza.

Para a consecución deste obxectivo, este colectivo, xunto con outras organizacións a nivel estatal preocupados por este tema, apoiou un escrito presentado pola FRAVM ó Ministro de Industria, Turismo e comercio onde se reclamaba que se revisaran os límites de exposición actuais, xa que non garantizan a protección da poboación. Axuntamos fotocopias.

NO Real Decreto 1066/2001 no parágrafo 6 da páxina 2 e no seu artigo 7 (capítulo III) contempla que se adaptaran os progresos científicos o Anexo II deste decreto, **tendo en conta o principio de precaución e as avaliacións** realizadas polas organizacións nacionais e **internacionais competentes**

(Resolución do Parlamento Europeo). E no artigo 8 (capítulo IV) no seu apartado 7.d consta:

“**De maneira particular, la ubicación**, características y condiciones de funcionamiento de las estaciones radioeléctricas **debe minimizar, en la mayor medida posible**, los niveles de emisión sobre espacios sensibles, tales como escuelas, centros de salud, hospitales o parques públicos”. Axuntamos fotocopias.

Por último, non podemos entender como no Anexo I no seu punto 1 apartado b), marcarse unha distancia de protección de 1000 metros deste tipo de instalacións das industrias e instalacións eléctricas de alta tensión e liñas férreas, aplicando un principio de precaución e sen embargo cara a poboación non se poida prohibir un mínimo 300 metros. Axuntamos fotocopia.

**Terceiro.** O artigo 21 está directamente relacionado co Anexo II e co artigo 2.2. O anexo II, o ser datos técnicos, está claro que teno que revisar un especialista revisando os valores que marca ó Real Decreto 1066/2001. E con respecto o punto 2.2 xa demos as nosas consideracións no apartado segundo deste escrito.

**Cuarto.** Os artigos 23 e 34.2 tamén están directamente relacionados entre si. Cremos que se está anulando todo o punto 34.2 cando o único que se podería anular, se é o concello non pode esixir o punto 23, e o 34.2 apartado c). Así mesmo, a normativa xa aclara que “Para a posta en funcionamento das instalacións será preciso presentar, **se é o caso**, a...” o cal deixa o artigo 3.2 condicionado, polo que consideramos que non debería ser anulado.

**Quinto.** Derrogación do punto terceiro do artigo 35 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o recurso presentado pola empresa *Vodafone*. Consideramos que o Concello neste momento pode esixir a modificación da localización de moitas das antenas sen custo ningún para el, xa que a maioría destas están colocadas sen os permisos que debe conceder este. Como a **Licenza de Actividade Clasificada** (Normativa estatal: Decreto 2414/1961: *Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas*) en base ó RAMINP ou da Avaliación de Incidencia Ambiental que está recollido no Decreto autonómico 133/2008, de 12 de xuño, que substitúe o RAMINP, pero igualmente esixible por parte dos entes municipais a estas compañías, tal e como sinala o valedor do pobo no informe enviado ó Concello de Moraña. Axuntamos fotocopia.

**SOLICITA:**

1. Que **se informe a este colectivo** dos motivos polos que este Concello non acudiu os recursos contenciosos administrativos presentado polas empresas *Telefónica Móviles* e *Vodafone*.
2. Que o equipo xurídico do Concello analice as resolucións enviadas por estas compañías e recorra estudando en profundidade os casos, xa que, como expuxemos nos puntos anteriores, pensamos que hai motivos suficientes para poder recorrelas.
3. Entrevista urxente con vostede, Señor Alcalde de Moaña.
4. **e se lle teña a este colectivo** por parte interesada, comunicándolles as resolucións que se diten e, en particular, facilíteselle copia de ditas resolucións.

En Moaña, febreiro de 2009

Asinan:

Colectivo de Afectados de As Barxas

Colectivo de Afectados de Domaio

Asociación de Veciños Xeremelo

Federación de Veciños A Chamusca

Luita Verde

Asociación Pola Defensa da Ría